

O pasado 25 de Maio celebrouse a Xunta Xeral Ordinaria de ATAM na que a CIG mantén representación. Como en anos anteriores se escenifica a total complicidade entre a empresa e os "seus" sindicatos (CCOO e UGT) ata o punto de non saber quen e quen se non fose porque nos coñecemos todos xa que as súas exposicións son idénticas.

Tamén como en anos anteriores a CIG intervén para expoñer o noso punto de vista e os temas que tratamos foron os seguintes:

- Solicitamos que a Xunta volva á sede de Atam en Pozuelo pois tanto este ano como o pasado se celebrou no edificio de Gran Vía, mesturando interesadamente Telefónica con Atam cando son cousas ben distintas. Celebrar a Xunta fora dun edificio de Atam distancia aínda máis os órganos de goberno (Xunta Xeral e Consello Rector) cos socios, usuarios e profesionais da asociación.
- Pedimos tamén que para combater a política de absoluta falla de información e transparencia se realicen Asembleas abertas ós socios pois nunca se fixeron ata o de agora por estraño que pareza, o presidente contestounos que o estudarían ¡¡¡
- Dirixímonos de novo o Presidente para denunciar que o convenio de colaboración con Cogami para a apertura dos centros de atención ó socio en Galicia sexa mellorado. Este servizo foi demandado en anos anteriores e por fin se pon en marcha este ano, o problema é que o fai de maneira moi precaria co cal a atención non pode ser boa. Por certo somos o único sindicato que o vimos demandando, será que en Galicia non existen mais sindicatos ou non lles interesa Atam ¡¡¡

Mantemos esta postura reivindicativa e unha conciencia crítica de traballo para lograr as melloras que poidamos, sempre dende o compromiso que a CIG mantén coas persoas con dependencia que necesitan por riba de todo Xustiza Social.

**Seccion Sindical CIG A Coruña.**

[WWW.cigtelefonica.com](http://WWW.cigtelefonica.com)

A Coruña 14 de xuño de 2006